



## ¡Fóra cueiros!

Gontad Canosa, Cristina

Artigo  
temático

Novembro de 2006

**Resumo**

*Ao redor do ano e medio as nais e os pais empezamos a pensar e a preocuparnos de cómo e cando empezará o noso neno ou nena a deixar de usar cueiros. Este momento, que supón un fito importante no desenvolvemento das nosas crianzas, débese afrontar con serenidade e tendo en conta que, como todo é un proceso que variará segundo as características de cada criatura, que pode ter retrocesos en función das circunstancias e que, si queremos que sexa un éxito, debemos ter en conta algunhas cousas como as que se contan a continuación.*

**Palabras Chave: Control corporal, autonomía, hixiene persoal, hábitos saudables**

En primeiro lugar debemos ter en conta que, para poder quitar o cueiro, a crianza debe ter a madurez fisiolóxica necesaria, é dicir, debe ter a coordinación muscular necesaria para controlar os músculos intestinais e da vexiga e distendelos á vontade no momento e sitio determinado. Hoxe sabemos que esta madurez fisiolóxica dáse a partir dos 18 meses no caso das deposicións e que para controlar a ouriña teremos que esperar un pouco máis; entre os 24 e 27 meses. Polo tanto, calquera intento anterior a estas idades pode resultar contraproducente e desembocar máis adiante en problemas como estrinximento, fobia ao ouriñal, enurese...

Ademais, tamén debe ter adquirida a madurez psicolóxica que lle permitirá entender que é o que se espera dela ou del, ter unha certa autonomía á hora de vestirse – espirse, demostrar o desexo de agradar ás persoas maiores que a coidan, ser maior, querer imitar a papá ou mamá...

**¿Como axudarlle a facelo?**

Sendo moi flexibles e iniciando a aprendizaxe dun xeito lúdico: usando un conto ou algún boneco para explicarlles o que significa ser maior: facer o pis e a caca no ouriñal e logo no váter.

Logo teremos que sentar á criatura no ouriñal cada certo tempo sen forzala a permanecer sentada máis que un par de minutos e acompañándoa, aplaudindo os seus logros e tamén os seus intentos, iso incrementará a súa autoestima e a poñerá en disposición de seguir intentándoo.

Debemos ter en conta que é normal que ao principio teña escapes, debemos ter coidado coas nosas reaccións para que non se sinta culpable; segundo a capacidade que

nós teñamos de aceptar estes accidentes con naturalidade máis doado lle será á nosa filla ou fillo superalos. O que non debemos facer é volver ao cueiro, xa que podemos provocar unha forte sensación de fracaso e perderá o que tiña conseguido.

No caso do cueiro da noite pode pasar bastante tempo ata que consiga deixalo: algúns nenos e nenas fano só unha semana despois de conseguir o control de día e outras crianzas tardarán ata un ano, saberemos que está preparada cando amañeza seca durante unha semana seguida.



En xeral, a maioría das nenas e nenos conseguen lograr controlar o pis durante o día antes dos tres anos e a partir dos 3 ou 4 pola noite. Se aos cinco anos aínda mollan a cama pode existir enurese e haberá que consultar co pediatra ou o psicólogo.

## Referencias

Gontad Canosa, Cristina (2004): "Fóra cueiros! " . Preescolar na Casa, 133. Lugo <<http://www.preescolarnacasa.org>>

## Cita recomendada

Gontad Canosa, Cristina (2006): ¡Fóra cueiros!. Chupeta. Xunta de Galicia. Vicepresidencia. [Data de consulta:dd/mm/aa]. [dirección web <http://www.galescolas.net>]



Esta obra está baixo a licenza Recoñecemento – Non comercial – Obras derivadas baixo a mesma licenza 2.5 de Creative Commons. Pódea copiar, distribuír e comunicar publicamente sempre que especifique o seu autor e a Xunta de Galicia; non a utilice para fins comerciais; pode facer obras derivadas e distribuila cunha licenza coma esta. A licenza completa pódese consultar en <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/deed.gl>.